

Concello de Viveiro

EXPTE.- 1026/2023

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA NOMEAMENTO DO TRIBUNAL AO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA DE “ARQUITECTO/A DE OBRAS E PATRIMONIO”, PROCESO SELECTIVO EXCEPCIONAL QUE SE CONVOCA PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA OU PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022-TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª E 8ª DA LEI 20/2021. DO 28 DE DECEMBRO).

Vista a Resolución de alcaldía, de data 22 de marzo de 2024, do proceso selectivo excepcional que se convoca para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no concello de viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022-taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021. do 28 de decembro), relativo ao nomeamento do Tribunal ao proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“ARQUITECTO/A DE OBRAS E PATRIMONIO”**.

Visto que a antedita Resolución de Alcaldía di:

*“(...)**PRIMEIRO.-** Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:*

PRESIDENTE:

Titular: Dna. Begoña Teijeiro Campo- Secretaria Xeral do Concello de Barreiros (Lugo).

Suplente: D. Gonzalo López- Santos Rubal- Subdirector Xeral da Xunta de Galicia.

VOGAIS:

Titular: D. Antonio Vizoso Hermida- Arquitecto Técnico do Concello de Foz.

Suplente: D. Carlos Longarela Sanfiz- Arquitecto do Concello de Ribadeo.

Titular: : D. Francisco Manuel Moreda Gil- Arquitecto do Concello de Ribadeo.

Suplente: Dona Marta Geada Arca- Arquitecta do Concello de Barreiros.

Titular: Dna. Dolores Cociña Cabanas - Técnica Xurídica de Urbanismo do Concello de Culleredo.

Suplente: Dna. María Cristina Varela García- Secretaria Interventora do Concello de Xermade.

SECRETARIO:

Titular: Dna. María Luz Balsa Rábade- Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: Dna. Rosa Abelleira Fernández- Interventora do Concello de Viveiro...”

Advertíndose erro no punto primeiro referido ao posto que ocupa o Vogal Titular D. Antonio Vizoso Hermida que aparece Arquitecto Técnico do Concello de Foz e sendo Arquitecto do Concello de Foz, procede a corrección do erro detectado.

De conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a corrección do erro detectado.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.h. da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convir a corrección do erro referido na antedita Resolución de Alcaldía ao nomeamento do Tribunal ao proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de **“ARQUITECTO/A DE OBRAS E PATRIMONIO”**, quedando redactada a mesma do seguinte xeito:

“Dª. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que



Concello de Viveiro

regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publicase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publicase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“ARQUITECTO/A DE OBRAS E PATRIMONIO”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“ARQUITECTO/A DE OBRAS E PATRIMONIO”** funcionario de carreira.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 29 de agosto de 2023.

Vista a base xeral 9.1, que sinala *“(...) O Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente), será nomeado e citado para a súa constitución por Resolución de Alcaldía do Concello de Viveiro, publicándose a Resolución da Alcaldía no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación.*

Composición:

a) *Un Presidente.*

b) *Catro vogais. O Secretario será un dos vogais.*

O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

A composición acomodaráse ao establecido no artigo 60 do TREBEP polo que se tenderá a paridade entre mulleres e homes; non poderán formar parte persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino e/o persoal eventual; sendo a pertenza aos órganos de selección a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

Estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo...”

Vista a base xeral 9.4 que sinala *“(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros.*

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes), de acordo co artigo 17.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría...”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dña. Begoña Teijeiro Campo- Secretaria Xeral do Concello de Barreiros (Lugo).

Suplente: D. Gonzalo López- Santos Rubal- Subdirector Xeral da Xunta de Galicia.

VOGAIS:

Titular: D. Antonio Vizoso Hermida- Arquitecto do Concello de Foz.

Suplente: D. Carlos Longarela Sanfiz- Arquitecto do Concello de Ribadeo.

Titular: : D. Francisco Manuel Moreda Gil- Arquitecto do Concello de Ribadeo.

Suplente: Dona Marta Geada Arca- Arquitecta do Concello de Barreiros.



Concello de Viveiro

Titular: Dna. Dolores Cociña Cabanas – Técnica Xurídica de Urbanismo do Concello de Culleredo.

Suplente: Dna. María Cristina Varela García- Secretaria Interventora do Concello de Xermade.

SECRETARIO:

Titular: Dna. María Luz Balsa Rábade- Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: Dna. Rosa Abelleira Fernández- Interventora do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento. Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,
Real

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

SEGUNDO.- Ordenar a publicación de dita Resolución de Alcaldía correxida no Taboleiro Anuncios e Taboleiro de Anuncios dixital da sede electrónica do Concello.

Mandoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

